



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E SETE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/000036

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e corenta e cinco minutos, do día vinte e sete de outubro de dous mil vinte e dous, reúnen en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, e don Alejandro Antonio García Sousa. Non asiste por causas xustificadas: dona Jessica Sabín Fernández

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro, e aberta a sesión pola Presidencia, celébrase a sesión co debate e votación dos asuntos da Orde do Día.

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: 13.10.22 (ORDINARIA) E 20.10.22 (ORDINARIA) .-

O sr. alcalde pregúntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación ás devanditas actas, e ao non facerse ningunha alegación, declara que as actas das sesións ditas quedan aprobadas sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes a ditas sesións).

2º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E A FEDERACION DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA (FAXPG), PARA Á INSERCIÓN LABORAL DAS PERSOAS XORDAS E PERSOAS CON DISCAPACIDADE AUDITIVA“

Alberto González Fernández, alcalde do Concello de Valdoviño, con coñecemento do contido do Convenio que se presenta e visto o informe técnico da educadora social que se transcribe a continuación:

INFORME PARA A APROBACIÓN DO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA (FAXPG), PARA Á INSERCIÓN LABORAL DAS PERSOAS XORDAS E PERSOAS CON DISCAPACIDADE AUDITIVA“

a educadora social do Concello de Valdoviño, en relación ao convenio de colaboración entre o Concello de Valdoviño e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), para a inserción laboral das persoas xordas e persoas con discapacidade auditiva, no marco do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios

INFORMO

1. Que en data 20.09.2022 preséntase por correo electrónico a proposta de Convenio para formalizar a colaboración por parte da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia.

2. Que o obxecto do dito Convenio é regular a colaboración entre o Concello e a FAXPG para a realización de accións de orientación, información e busca de emprego nun espazo permanente de atención a dito colectivo.

3. Que o día 14.10.22 organizouse no Concello unha actividade de sensibilización e presentación dos diferentes servizos que presta a Federación para as persoas xordas, co obxecto de fomentar a coordinación entre ambos organismos.

4. Que desde o Departamento de Servizos Sociais valórase o motivo de interese comunitario, a adecuación dos seus servizos específicos na atención a veciños e veciñas de Valdoviño que teñan xordeira ou discapacidade auditiva, así como a posibilidade de coordinación interinstitucional que mellore a actuación integral ás persoas.

5. Así mesmo, posteriormente presentárase a aprobación un convenio específico da Asociación de Persoas Xordas de Ferrol, xa que son complementarias e ofrecen dous niveis de intervención coordinados entre si, facilitando a derivación a un recurso de proximidade como é a Asociación, favorecendo o intercambio de información e recursos no contexto comarcal. Este convenio está en trámite de definición.

En Valdoviño a 20 de outubro de 2022

Iria García Martínez Educadora Social (Col. 3545)

PROPOÑO: á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Valdoviño e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), para a inserción laboral das persoas xordas e persoas con discapacidade auditiva, segundo o contido do Convenio adxunto.

Valdoviño, 21 de outubro de 2022 Alberto González Fernández
O alcalde.

Despois de ver a anterior proposta de Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión (4 membros dos 5 que a conforman), acordou a súa aprobación.

3º.- PROPOSTA PARA APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN POLO “25 N DIA INTERNACIONAL DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES”.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN POLO “25 DE NOVIEMBRE: DÍA INTERNACIONAL DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES (2022)

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, visto o informe técnico da educadora social que se transcribe a continuación:

INFORME- PROPOSTA SOBRE A PROGRAMACIÓN DO 25 DE NOVIEMBRE, DIA INTERNACIONAL DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES (2022).

Iria García Martínez, Educadora Social do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Valdoviño, en relación ao programa municipal “Somos e contamos” de igualdade, diversidade e prevención de violencia de xénero

INFORMO

1. Que co obxectivo de traballar dun xeito integral e coordinado desde as diferentes áreas municipais, a presente proposta está a coordinarse conxuntamente por persoal técnico dos Departamentos de Servizos Sociais, Cultura e Deporte.

2. Que o Concello de Valdoviño mantén desde hai varios anos unha programación específica de actividades en relación ao 25 de novembro dentro do “Programa municipal Somos e Contamos para a igualdade, diversidade e prevención da violencia de xénero”

3. Que a proposta está dirixida a diferentes grupos de interese, como é o alumnado dos centros educativos, o monitorado que dirixe actividades infantís no tempo libre, mulleres maiores ou comunidade en xeral.

4. Que a proposta de programación para o ano 2022 é a seguinte:

• DÍAS 4 E 11 DE NOVIEMBRE: Obradoiro “Encantada de coñecerme”. Atención en saúde sexual para mulleres adultas. 10:00 a 13:00 horas (Federación de Planificación Familiar). Casa da Cultura.

• DÍA 7 DE NOVIEMBRE: Colocación da pancarta e publicación do manifesto institucional na Web do Concello.

• DÍA 10 DE NOVIEMBRE: “Punto violeta. Agresión OFF”. Stand informativo con actividades dirixidas a alumnado de educación secundaria (Xunta de Galicia). Exterior da Casa da Cultura

• DÍA 17 DE NOVIEMBRE: Presentación curtametraxes “Xénero educa. Historias para contar”, elaboradas polo alumnado de secundaria do curso 2021/2022.

• 25 NOVIEMBRE. “TABÚ” espectáculo de TARABELA CREATIVA (Rede Cultural da Deputación Provincial). Público adulto.

• DÍA 27 DE NOVIEMBRE: Andaina circular para a reivindicación social e o rexeitamento da violencia de xénero co concerto AS “MULLERES CREADORAS” de FEMININO PLURAL (SILVIA PENIDE E CARLA LÓPEZ). Todos os públicos.

• 2 DE DECEMBRO: Formación para o monitorado que traballa con infancia en tempo libre e actividades de carácter social, educativo e cultural con infancia. Aventureira. Deputación da Coruña. PARTICIPACIÓN NA CAMPAÑA DA DEPUTACIÓN “DE FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO” COA PROPOSTA DAS SEGUINTE ACTIVIDADES:

- *23 DE NOVIEMBRE: Ciberacción para público xuvenil: Afrontamento das violencias na rede. ciberquedada con centros de secundaria dos concellos*

- *Ciberacción para público infantil: Canto sabes sobre as violencias dixitais? Xogo interactivo e guía didáctica de carácter pedagóxico para alumnado dos cursos de 4º, 5º e 6º de Primaria.*

5. Que as actividades non conlevan gasto asociado (agás as tramitadas especificamente dentro da área de Cultura que seguen o seu propio procedemento administrativo.)

Unicamente hai que asumir o gasto dos desprazamentos da persoa que imparte as dúas sesións da actividade “Encantada de Coñecerme”. Os desprazamentos son desde Coruña e a entidade presentará factura para xustificar o dito gasto.

SOLICITO Aprobar a programación do 25 de novembro “Día internacional da violencia contra as mulleres”, así como o gasto asociado ao desprazamento indicado

En Valdoviño a 21 de outubro de 2022 Iria García Martínez Educadora Social (Col. 3545)

PROPOÑO: á Xunta de Goberno Local a aprobación da programación 25 de novembro “Día internacional da violencia contra as mulleres” e o gasto correspondente.

En Valdoviño, a 21 de outubro de 2022
Alberto González Fernández
Alcalde.

Despois de ver a anterior proposta de Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión (4 membros dos 5 que a conforman), acordou a súa aprobación.

PARTE DE ACTIVIDADE

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e quince minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/

